

A área de Deportes do Concello de Verín informa que hoxe abre o prazo de inscrición para as disciplinas de Fútbol e Fútbol Sala impartidas nas Escolas Deportivas Municipais do Complexo Deportivo da Granxa.

Coa finalidade de garantir a seguridade dos e as deportistas, a concellería de Deportes de Verín conta cun estricto **protocolo de seguridade**, baseado no documento oficial da Federación Galega de Fútbol. Deste xeito, todas as actividades contarán coas medidas preventivas fronte á COVID-19 ditadas en cada momento polas autoridades sanitarias.

O prazo de solicitudes estará aberto entre o 16 de agosto e o 1 de setembro. A lista de admitidos confeccionarase por rigorosa orde de presentación das solicitudes. Para a prestación do servizo de cada unha das modalidades deportivas ofertadas será necesario que a porcentaxe de rexistrados na actividade consiga o mínimo pertinente considerado pola organización.

Todas as persoas interesadas en inscribirse nalgunha das disciplinas deberán enviar asinada a documentación que se atopa dispoñible na web oficial do Concello de Verín ([www.verin.gal](http://www.verin.gal)) ao mail das escolas deportivas: [efcverin@hotmail.com](mailto:efcverin@hotmail.com). No caso de non enviar algún dos documentos solicitados, o menor non poderá iniciar a actividade deportiva.

Para máis información, ademais de consultar a páxina web municipal, todos os interesados poden chamar ao teléfono 660 776 564.

**AS CATEGORIAS POR EDADES SON AS SEGUINTEs**

- XUVENIS (NENOS NADOS NO 2003-2004-2005)
- CADETES (NENOS NADOS NO 2006-2007)
- INFANTIS (NEN@S NADOS NO 2008-2009)
- ALEVINS (NEN@S NADOS NO 2010-2011)
- BENXAMINS (NEN@S NADOS NO 2012-2013)
- PREBENXAMINS (NEN@S DADOS NO 2014-2015)
- BIBERÓNS (NEN@S NADOS NO 2016-2017)

**DOCUMENTOS A ENVIAR O CORREO [efcverin@hotmail.com](mailto:efcverin@hotmail.com) (OBRIGATORIO TODOS OS DOCUMENTOS):**

- [DECLARACIÓN DE RESPONSABILIDADE](#) (REENVIAR FIRMADA) - [FOLLA INSCRIPCIÓN TEMPORADA 2021-2022](#)  
(REENVIAR FIRMADA)

- XUSTIFICANTE DE PAGO CUOTA 150€ NA CONTA: ABANCA ES32 2080 5168 1830 4002 3726

(IMPORTANTE QUE APAREZCA O NOME DO NEN@S, REENVIAR)

- [PROTECCIÓN DE DATOS](#)  
(REENVIAR FIRMADA)

- [REGULAMENTO&nbsp;DAS EDC VERIN](#)  
(estas son para que se queden con elas os nen@s)